

CURSO

APUNTES PRÁCTICOS PARA A ELABORACIÓN DE INFORMES SOCIAIS

DOSSIER INFORMATIVO



INDICE

1. Resumo do curso.....	2
2. Fundamentación	2
3. Obxectivos.....	3
4. Contidos formativos.....	3
5. Persoas destinatarias.....	4
6. Calendario	4
7. Metodoloxía.....	5
8. Avaliación	5
9. Docencia	5

1. RESUMO DO CURSO



25 horas



Online con sesións de videoconferencia.



Do 19 de febreiro ao 6 de marzo de 2024



De balde para persoas colexiadas.

2. FUNDAMENTACION

O Informe Social é o Ditame técnico que serve de instrumento documental, que elabora e asina con carácter exclusivo a/o profesional de Traballo Social. O seu contido derívase do estudo, a través da observación e a entrevista, onde queda reflectida en síntese a situación obxecto, a valoración, un ditame técnico e unha proposta de intervención. Malia ser un instrumento propio e específico do Traballo Social, é común atopar eivas como a omisión de partes importantes do informe, falta de rigor na exposición de datos, incorporación de propostas de intervención sobre situacións non incorporadas na avaliación da situación, etc.

Como ferramenta exclusiva do Traballo Social, é fundamental que as e os profesionais coñezan en profundidade a súa estrutura, contido e importancia nos distintos procedementos e momentos da intervención, e manexen con rigor o Informe Social.

3. OBXECTIVOS

- Coñecer a linguaxe técnica nos Informes Sociais
- Identificar palabras chave e termos axeitados para cada área do Informe
- Elaborar prognósticos e diagnósticos utilizando unha linguaxe acaída ao obxecto da intervención
- Poñer en valor o Informe Social como ferramenta exclusiva da profesión

4. CONTIDOS

Módulo 1. Cando falamos de Informe Social, a que nos referimos?

Módulo 3. O Informe e o obxecto da Intervención. Tiños de informe segundo as persoas/entidades destinatarias e finalidade. O informe Social no contexto xudicial

Módulo 5. Palabras chave e termos para cada área do informe

Módulo 2. A linguaxe técnica nos Informes Sociais

Módulo 4. Estrutura e contido do Informe Social

Módulo 6. A modo de resumo. Casos prácticos

5. PERSOAS DESTINATARIAS

Profesionais de traballo social. Darase preferencia a profesionais que se atopen en activo, e desempeñan a súa labor profesional nos eido dos SS.SS Comunitarios.

6. CALENDARIO

O curso levarase a cabo en formato mixto, con traballo online por parte do alumnado e sesións de videoconferencia, que terán lugar nas seguintes datas:

VIDEOCONFERENCIAS	DATAS	HORARIO
Sesión 1	19/02/2024	16:30-19:30
Sesión 2	21/0/2024	16:30-19:30
Sesión 3	26/02/2024	16:30-19:30
Sesión 4	28/02/2024	16:30-19:30
Sesión 5	04/03/2024	16:30-19:30
Sesión 6	06/03/2024	16:30-19:30

7. METODOLOXÍA

O curso desenvolverase en modalidade mixta, con **6 videoconferencias** a través de Zoom. O alumnado contará co apoio da plataforma Moodle, a través da que se lle facilitará documentación e outros recursos que se estimen adecuadas para o mellor aproveitamento da formación.

Fomentárase a participación do alumnado a través dos seguintes recursos:

- Mensaxes privados mediante a plataforma de formación online (Moodle).
- Foro en cada unidade para atender as dúbidas e aclaracións.
- Tarefas prácticas propostas e supervisadas polo docente.

En cada módulo, entregáranse exercicios para que o alumnado traballe individualmente, recibindo unha devolución do traballo entregado por parte das docentes. O último día realizarase unha devolución global a modo de conclusión, que servirá para clarificar dúbidas que poidan existir.

8. AVALIACIÓN

Para a superación da acción formativa será preciso:

- **Realizar as actividades** indicadas polas docentes e **acceder aos materiais** facilitados no curso.
- **Asistencia ao 85% das horas virtuais programadas.** Para acreditar a participación nas sesións e ter acceso ao diploma, será preciso **manter a cámara web e o micrófono activados.**

9. DOCENCIA

Ana Caamaño.

Diplomada en Traballo Social e Licenciada en Socioloxía. Traballadora social do Concello de Santiago de Compostela.

Eva González

Diplomada en Traballo Social e Licenciada en Socioloxía. Xefa de sección de Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela.

COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

Rúa Dublín, 6, baixo. 15707 Santiago de Compostela (A Coruña)



981 568 100



info@traballosocial.gal



facebook.com/COTSdeGalicia



[cotsgalicia](https://instagram.com/cotsgalicia)